

Material necesario

Material de Pernocta

O albergue conta con liteiras polo que **só é preciso levar o saco de durmir**. Tamén conta con cociña equipada e máis menaxe. As comidas todas irán por conta dos participantes.

Material de Exploración

As zonas propostas teñen cavidades para todos os niveis técnicos, polo que os participantes que queiran facer simas ou cavidades con pozos deberán levar material de técnica vertical tanto persoal como colectivo. Hai tamén algunha cavidade e travesía con tramos acuáticos que precisan de neopreno, a máis de ter especial atención ao estado do tempo.

Localización



Colabora:



ESPELEO
CLUB
ARADELAS



Federación
Galega de
Espeleoloxía



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

XX CAMPAMENTO GALEGO EXTRATERRITORIAL

Entre os Picos de Europa e o mar Cantábrico atópase unha franxa calcárea coroada pola serra de Cuera que agacha multitude de cavidades de gran interese espeleolóxico e pouco coñecidas na espeleoloxía galega. Simas, travesías, covas acuáticas e as máis fermosas salas agardan a visita dos participantes no XX Campamento Galego Extraterritorial de Espeleoloxía, actividade do calendario oficial da FGE que organiza, por delegación desta, o Espeleo Club Aradelas.

As datas do Campamento son do 17 ao 19 de maio, aproveitando a ponte das Letras Galegas, pero os que desexen, poden adiantar a chegada ou pospoñer á saída, sempre previa notificación á organización.

A pernocta está prevista no albergue Linde Bobia (Bobia), perto da localidade de Benia de Onís. Conta con cociña equipada e liteiras, sendo preciso levar saco de durmir. **O prezo da inscrición é de 20€ e inclúe as dúas noites de pernocta e a cea de confraternidade do sábado. As noites extra non serán subvencionadas e son a 11€/noite. O resto das comidas corren por conta dos participantes.**

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (ás das federacións integradas na CEC). Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto.

Terán preferencia de praza no albergue os federados en Galicia. Os federados na CEC non estarán subvencionados e o prezo da súa inscrición será de 30€.

PRAZO DE INSCRICIÓN: 12 DE MAIO

PREZO: 20€ (Inclúe as dúas noites de pernocta e a cea de confraternidade)

INSCRICIÓN EN espeleoclubaradelas@yahoo.es INDICANDO O NOME, APELIDOS, DNI, CLUB, TELÉFONO, E-MAIL E DATAS DE CHEGADA E SAÍDA.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Covas e Simas

Porrúa: Cueva'l Mazu, Rede d'Entrecuevas, Cueva la Vallina, Cueva 'l H.ou los Cestos, Torca del León, Torca la Verde, Mina la Verde, etc.

Outras zonas: Pozu del Fresno, El Bolugo, Sistema de Rales, Cueva de Alda, Sistema Bobia - Cueva del agua – Pozu Nublao, Sistema la Vieya - los Quesos, Cueva X (Llonín), Torca Juanín, etc.

E para os amantes dos cañóns o Cuevón de Pruneda e a Cueva del Tinganón, onde a espeleoloxía pódese mixturar co descenso de barrancos.

Programa de actividade

Venres, 17 de maio

10:00h. Recepción dos participantes

12:00h. Saída ás cavidades da zona

Sábado, 18 de maio

10:00h. Saída ás cavidades da zona

22:00h. Cea de confraternidade (por conta da organización)

Domingo, 19 de maio

10:00h. Saída as cavidades da zona

15:00h. Clausura do Campamento

NOTA: Os participantes deberán comunicar á organización, no momento da inscrición, as datas de estancia no albergue.



Espeleo Club Aradelas
Rúa Pizarro 4A, Baixo, Local 17
Email: espeleoclubaradelas@yahoo.es
www.aradelas.com

***Non esquezas: Realizar un traballo en equipo,
fundamento da exploración espeleolóxica.***